



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, informou esta mañá ao Consello da Xunta sobre o **balance dos dous primeiros anos de execución da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3)**, a folla de ruta que orienta as políticas de innovación en Galicia para o período 2014-2020.

Segundo este informe, a RIS3 leva mobilizados **786 millóns de euros en innovación**, grazas a unha inxección de 429,3 millóns de euros de investimento público, e leva concedidas 1700 axudas. O **obxectivo** de cara a 2020 é chegar a mobilizar **1625 millóns de euros**.

No tocante aos **tres retos definidos pola RIS3**, o reto 2 de mellora da competitividade industrial concentra a maior parte dos fondos mobilizados (80% ou 565 millóns de euros). Pola súa parte, o reto 1 ou xestión innovadora dos recursos naturais e culturais concentra o 13,5% dos fondos mobilizados e o resto correspóndelle ao reto 3, de desenvolvemento dun novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo.

Por **programas**, o 74% das axudas concentráronse nos programas Peme Innova e Galicia Transfire, dirixidos a estimular a incorporación da I+D+i ao tecido empresarial e reforzar a transferencia de resultados ao mercado.

En canto ás **entidades beneficiarias**, o 70% das axudas xestionadas foron destinadas a empresas e, dentro destas, case a metade a pequenas e medianas empresas, contribuíndo así á mellora da súa competitividade e, por ende, ao crecemento da economía galega.

Por último, cómpre subliñar que os instrumentos despregados coa RIS3 contribuíron a **mellorar a capacidade dos axentes do Sistema galego de I+D+i de captar fondos internacionais**: Galicia multiplicou por tres o liderado de proxectos en H2020 e dobrou a cantidade de fondos conseguidos.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

